

ct

Os mares de Caronte

de
Vanesa Sotelo

(fragmento)
en galego

Mare Desiderii

BARQUEIRO

Non sabes cal é o rumbo.
Sabes que non hai volta atrás.
É a razón para correr o risco.
Correr o risco é o único rumbo.
Porque non hai volta atrás.
E a vida existe lonxe.
Correr o risco quere dicir
que atrás non queda destino.
Non queda vida.
Seino.
Sábelo.
Lonxe.
Atrás.
Os sonhos afógante.
Pero precisas soñar máis vida.
Outra vida na que ti volvas ser ti aínda que ti non regreses nunca.
Outra vida para as xeracións que non regresarán.
Aínda que as túas fillas xa non teñan vida.
Aínda que os teus fillos xa non teñan vida.
E soñas outra vida porque todas as xeracións reviven con cada soño.
E sóñalas aínda que os sonhos te afogan cando dormes.
Porque a vida só existe lonxe.
E correr o risco é o único rumbo.
Seino.
Sábelo.
Foi por iso polo que nos botamos ao mar.
Tiñaslle medo á auga pero botácheste ao mar porque temías máis a morte.
Entre a morte e o medo, elixiches o mar.
Entre morrer e temer, preferiches o mar.
Entre soterrarte e afundirte, preferiches o mar.
O mar hoxe está en calma.
Hoxe só o mar atopa calma.
Nada disto é novo.
Pensas.
Nada disto foi nunca novo.
Pensas.
Nada disto.
Repites mentres pensas que alguén xa estivo no teu mesmo lugar.
E sentiu ese mesmo medo.
Esa mesma partida.
Medo. Partida. Partida. Medo. Palabras ás que mirar de fronte.

As maletas sempre se encheron de esperanza pero ti só tes un cravo ardendo.
Só un cravo ardendo no medio da auga.
Ardendo no medio da nada.
Co que agarrarte a outra vida
na que ti volvas ser ti aínda que ti non regreses nunca.
As maletas sempre se encheron de esperanza pero a ti só che queda o teu corpo.
O teu corpo e un cravo. Ardendo.
Ardendo no medio do mar onde a esperanza vive entre dous infernos.

*Mare Tenebrarum**Agosto. 2015. Roma. Museo Nazionale dell'Emigrazione Italiana.*

SEGUNDO IRMÁN

Aquí pode usar a cámara.

ELA

Prefiro tomar notas.

SEGUNDO IRMÁN

Fotografar é máis rápido.

ELA

Prefiro tempo para asimilar.

SEGUNDO IRMÁN

Hai cousas que non se asimilan nunca.

ELA

Eu coñezote.

SEGUNDO IRMÁN

Non.

ELA

Xa nos vimos antes.

SEGUNDO IRMÁN

Non.

ELA

Hai un ano. Na costa.

SEGUNDO IRMÁN

Non.

ELA

Co teu irmán.

SEGUNDO IRMÁN

Non.

ELA

El dixo: *Mare Desiderii*.

SEGUNDO IRMÁN

Precisan de min na outra sala. Pode usar a cámara, se quere.

Agosto. 1906. Rumbo a Arxentina. O barco Sirio atraca en Barcelona, onde incorpora a 90 viaxeiros e segue viaxe cos seus 120 tripulantes e 731 pasaxeiros dos que 661 se amoreaban en terceira clase. A maior parte deles eran emigrantes sen recursos que viaxaban coas súas familias.